

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



Baby Pool de Eliza Bell Schweizbach (2021)

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## **Unidade de Igualdade**

Edificio Ernestina Otero 1º andar

Campus universitario

Vigo-36310

[igualdade@uvigo.gal](mailto:igualdade@uvigo.gal)

986 813 419



Unidade de Igualdade  
**Universida de Vigo**



---

## CONTIDO

---

FORMACIÓN.....	4
CONGRESOS E SEMINARIOS .....	4
CONVOCATORIAS .....	5
SUXESTIÓNS .....	5
RECURSOS.....	10
REVISTAS .....	14
NOVAS DO DUVI.....	16
NOVAS.....	17
DATOS.....	18
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .....	18

CALENDARIO DA IGUALDADE

2025

# AGOSTO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
31	28	29	30	31	1	2	3
32	4	5	6	7	8	9	10
33	11	12	13	14	15 <small>Día da Asunción</small>	16	17
34	18	19	20	21	22	23	24
35	25	26	27	28	29	30	31

## AXENDA

A Universidade de Vigo pecha toda a súa actividade entre o 04 e o 18 de agosto polo que neste mes non hai ningunha actividade programada.

Agardamos que teñades un bo verán!

---

## FORMACIÓN

---

**A construción sociocultural do amor romántico.** Curso de extensión universitaria, do 16 de setembro ao 15 de outubro de 11:00 a 14:00 h. [+Info](#)

### Cursos de verán:

#### Universidad Internacional Menéndez Pelayo

- Mujeres y hombres en la historia. Identidades, relaciones y espacios, público y privado. Do 28 de xullo ao 1 de agosto. [+Info](#)

#### Universidad Miguel Hernández

- La igualdad entre mujeres y hombres y el lenguaje inclusivo. En liña. Do 3 ao 30 de setembro. [+Info](#)

**As Rebeldes Periféricas.** Dispoñibles os audios do curso organizado por Traficantes de Sueños sobre a historia dalgunhas das mulleres que protagonizaron as revolucións desde os anos 60 do século XIX ata os anos 30 do século XX. [+Info](#)

**Campus Virtual de UNFPA.** Formación en liña asíncrona con varias accións formativas dispoñibles. [+Info](#)

**Feminismo, xénero e política.** MOOC da Universitat Autònoma de Barcelona. (ES) [+Info](#)

**Cursos en liña de autoformación Eu sei de xénero de ONU Mulleres** (ES) [+Info](#)

**V Ciclo de seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdade.** De novembro do 2024 a xuño do 2025. (ES) [+Info](#)

**Cátedra Extraordinaria Valores Democráticos e Xénero.** (ES) [+Info](#)

**Escola Virtual de Igualdade | Cursos gratuítos en materia de igualdade.** Inscripción aberta ata cubrir as prazas dispoñibles. (ES) [+Info](#)

---

## CONGRESOS E SEMINARIOS

---

**V Congreso Internacional de Feminismo Dixital.** 30 e 31 de xullo. [+Info](#)

**6ª Conferencia Internacional en Estudos de Xénero e Sexualidade.** Do 08 ao 10 de agosto en Berlín. [+Info](#)

**IX Congreso de Economía Feminista.** Universidad Pablo de Olavide, o 2, 3 e 4 de outubro do 2025 en Sevilla. [+Info](#)

**Tecendo coidados: construíndo masculinidades igualitarias desde a mocidade.** O 07 de outubro en Santiago de Compostela, organizado polos servizos de igualdade da UDC, a USC e a UVigo.

**I Congreso Internacional Mujeres y diversidades: avanzando en igualdad desde una mirada interseccional.** Organizada pola Universidad de Jaén os días 23 e 24 de outubro. [+Info](#)

**I Congreso Internacional Estudos de Xénero na era dixital.** 6 e 7 de novembro, en liña. [+Info](#)

**Congreso Internacional “Violencia de Género y Mujeres en Riesgos de Exclusión Social.** Universidad de Sevilla. 20 e 21 de novembro. [+Info](#)

**Coloquio internacional de Estudos das Mulleres e de Xénero. Xenealoxías feministas: no fío da memoria. Homenaxe a Margarita M. Birriel Salcedo.** Do 10 ao 12 de decembro de 2025 na Universidad de Granada. (ES e EN) [+Info](#)

**II Congrés Càtedra UB de Perspectiva de Gènere i Feminismes Ciutat de Cornellà.** Universitat de Barcèlona, do 10 ao 12 de decembro de 2025. [+Info](#)

## CONVOCATORIAS

---

**I Congreso Internacional Estudos de Xénero na era dixital.** Ata o 19 de setembro aberto o prazo para envío de comunicacións. [+Info](#)

**II Premios ás Boas Prácticas en Igualdade da Deputación de Pontevedra.** Presentación de candidaturas ata o 01 de outubro para entidades de iniciativa social, cultural, deportiva e educativa. [+Info](#)

**VIII Premio Francisca de Pedraza contra a violencia de xénero 2025.** Aberto o prazo de candidaturas ata o 10 de outubro. [+Info](#)

***Ambigua.*** Revista de Investigaciones sobre Género y Estudios Culturales. [+Info](#)

***Gender and Justice*** [+Info](#)

## SUXESTIÓNS

---

No mes de xullo saltaba aos medios a [denuncia de catorce mulleres contra Ramón Flecha](#), catedrático emérito da Universitat de Barcelona. Segundo os seus testemuños, o académico tivo condutas inadecuadas con mulleres do grupo de investigación que creou, e que dirixiu ata o ano 2006. Este caso, que xa fora tratado internamente na propia universidade, está en investigación para esclarecer se houbo coerción sexual, abuso de poder, acoso sexual, violencia psicolóxica e explotación laboral.



A escritora, académica e activista [Sara Ahmed](#) tamén abordou o acoso no ámbito universitario cun enfoque crítico, centrado na responsabilidade institucional e na experiencia das persoas que denuncian. No seu libro [;Denuncia! El activismo de la queja frente a la violencia institucional](#) (2021), Ahmed analiza como as universidades, a pesar de promover discursos públicos de compromiso coa igualdade e a diversidade, a miúdo **reproducen estruturas que silencian ou neutralizan as queixas por acoso sexual, racismo ou discriminación**. A autora recolle testemuños de estudantes, docentes e traballadoras que se enfrontaron a estas situacións, e mostra como os procesos formais de denuncia moitas veces actúan máis como mecanismos de contención que de reparación.

No seu traballo Sara Ahmed introduce o concepto da **queixa como práctica feminista** e salienta que quen se atreve a denunciar adoita ser vista como quen rompe a harmonía institucional (*institutional killjoy*), en lugar de ser protexida. Así, a figura da «queixosa» (*the complainer*) convértese nun suxeito incómodo, sinalado, que moitas veces sofre consecuencias persoais e profesionais. O seu pensamento revela como as institucións están máis preocupadas pola súa reputación ca pola xustiza, e defende a necesidade de **escoitar, crer e acompañar as persoas que denuncian**, entendendo a súa acción como un acto de coidado colectivo e transformación social.

O silencio ten un peso importante nos casos de acoso e agresións sexuais. Non é raro que as vítimas destas violencias teñan problemas para asumir o que lles aconteceu e para poñelo en palabras. Ademais, operan dinámicas que contribúen a calar estes feitos, dificultando así que quen sofre acoso poida atopar apoio ou recibir a axuda necesaria, como tamén denuncia a politóloga [Paula Martínez Peláez](#) ao analizar experiencias de violencia sexual, sexista e LGBTIQfóbicas na Universidad Complutense de Madrid.




Segundo ela describe, estes **mecanismos de silenciamento sociais e institucionais** funcionan para aillar ás persoas superviventes de acoso e dificultan que obteñan axuda, convertindo o acoso nun problema oculto, ou que se oculta, e xerando unha sensación de impunidade no espazo universitario.

Paula Martínez identifica diferentes mecanismos de silenciamento que contribúen a manter este problema: o silencio dos estereotipos da violencia; o silencio do trauma e da supervivencia; o silencio da soedade; o silencio da orientación sexual e a identidade de xénero; o silencio da falta de escoita e recoñecemento institucional; o silencio da culpa e da vergonza; o silencio da ameaza; a obrigatoriedade do silencio e o silencio do encubrimiento.

Contar cunha diagnose sobre a prevalencia do acoso sexual e por razón de sexo é clave para comprender o que sucede dentro das universidades. Estes estudos achegan información sobre a frecuencia do acoso, os colectivos máis vulnerables e as formas en que se manifesta, permitindo así deseñar medidas efectivas para garantir espazos seguros e respectuosos. Ademais, son unha ferramenta fundamental para facer visible unha realidade que, como xa sinalamos, moitas veces permanece oculta polo medo, o descoñecemento ou a normalización.

A difusión de datos claros axuda a sensibilizar, promover a corresponsabilidade e fomentar unha cultura de igualdade.



En 2018, a Universidade de Vigo estivo entre as pioneiras en elaborar unha [diagnose sobre o acoso sexual e por razón de sexo](#), un estudo impulsado pola Unidade de Igualdade no que participou toda a comunidade universitaria. O obxectivo era visibilizar esta forma de violencia, combater a súa normalización e avanzar cara á súa erradicación.

Con este mesmo propósito, nos meses de xuño e xullo deste ano comezou a [primeira fase da segunda diagnose](#), co apoio da Área de Calidade, que incluía dúas enquisas dirixidas ao PDI, PI e PTXAS. Este novo estudo busca, por unha banda, crear unha folla de ruta con estratexias máis eficaces para a detección, prevención, intervención e formación; e por outra, comparar os datos de 2018 e 2025 para analizar a evolución das actitudes e condutas, mellorar a sensibilización e fortalecer os mecanismos de resposta fronte ao acoso. A participación foi do 22,1 % do PTXAS, con **181 persoas**, e o 15,45 do PDI, que sumou **380 respostas**. No mes de setembro

porase en marcha a enquisa para estudantado, xunto co programa piloto de sensibilización e [formación Voces de Cambio](#) no que participarán de forma voluntaria as facultades de Historia; Educación e Traballo Social e de CC Empresariais e Turismo de Ourense; Fisioterapia en Pontevedra e de CC Económicas, CC do Mar e CC Xurídicas e do Traballo, ademais das escolas de Telecomunicación e Enfermaría de Povisa e do Meixoeiro de Vigo.

Esta primeira diagnose multimétodo, cuantitativa e cualitativa, permitiunos dispoñer de datos para traballar nas medidas de formación, sensibilización, prevención, atención e acompañamento fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo nos anos seguintes.

Participaron **1 106 estudantes**. O 28,9 % das alumnas e o 21,9 % dos alumnos consideraban habitual que as mulleres se atopasen con este tipo de situacións, sendo eles os que presentaron unha percepción de risco máis baixa. Ademais, os rapaces amosaron unha maior tolerancia cara ao acoso sexual e máis desa-cordo coas causas feministas ca as súas compañeiras. **Concordaban en maior medida con afirmacións que xustifican ou naturalizan o acoso**, como considerar normal que os homes sen insinúen sexualmente sen consentimento ou que as mulleres provocan este tipo de situacións pola súa actitude ou forma de vestir.

No estudo, **35 estudantes (30 alumnas e 5 alumnos) identificáronse como vítimas de acoso sexual**. No caso das alumnas, os agresores foron compañeiros da facultade (19 casos), seguidos por 7 docentes e 1 traballador do PTXAS. No caso dos alumnos, identificaron como agresores a 2 compañeiros, 1 compañeira e 1 profesora. Ademais, **39 estudan-tes (37 alumnas e 2 alumnos) afirmaron ter sufrido acoso por razón de sexo**, sinalando como agresores, maioritariamente, com-pañeiros varóns e profesores. Unha estudante declarou ter sido vítima dunha agresión sexual por parte dun compañeiro da facultade.

En canto ás situacións concretas de violencia sexual, **as alumnas sinalaban experimentar con máis frecuencia atención sexual non desexada**, como presións para saír con alguén ou contactos físicos inadecuados. Tamén presentaban **maiores niveis de cousificación sexual** e recibían máis comentarios sobre o seu corpo. **A coacción sexual estaba presente en ambos sexos**, sen diferenzas estatísticas significativas, pero seguía afectando en maior número ás mulleres. Por exemplo, un 4 % das estudantes afirmaban ter sido subornadas sutilmente para manter relacións sexuais, e un 2,1 % tratadas mal por negarse. En xeral, as formas máis habituais de violencia detectadas son o acoso de xénero e os comentarios sexistas, visibilizados por 17 alumnas e 36 alumnos.

A **enquisa ao PDI** distribuíuse nos tres campus e recolleu **185 respostas** dun total de 710 cuestionarios (26,05 % de taxa de resposta). Das persoas participantes, o 59,8 % eran profesoras e o 40,2 % profesores. O estudo amosou que o PDI presentaba un baixo nivel de sexismo ambivalente, aínda que os profesores manifestaban actitudes sexistas hostís con máis frecuencia ca as súas colegas.

**As percepcións sobre o risco de violencia tamén evidenciaban diferenzas.** O 31,8 % das profesoras consideraban que o acoso sexual era unha situación bastante ou moi habitual na universidade, fronte ao 13,5 % dos profesores.

En canto á agresión sexual, só o 12,7 % das profesoras e o 5,5 % dos profesores consideraban probable que sucedese no ámbito universitario.

En relación coas vivencias de violencia, **13 persoas identificáronse como vítimas de acoso sexual (12 profesoras e 1 profesor), e 17 profesoras afirmaron ter sufrido acoso por razón de sexo.** Dúas profesoras declararon ter sido vítimas de agresión sexual, perpetrada por un estudante e por un profesor-investigador, respectivamente. As persoas sinaladas como agresoras foron maioritariamente profesores, estudantes varóns e, nalgúns casos, outras profesoras.

**As profesoras-investigadoras eran quen máis relataban ter experimentado situacións de acoso de xénero** (como chistes ou comentarios sexuais, actitudes paternalistas ou desprezos), **atención sexual non desexada** (toques incómodos, insinuacións ou presións reiteradas) e **coacción sexual** (subornos encubertos ou presión para aceptar invitacións en troca de bo trato profesional). Os PDI, en cambio, afirmaban case nunca ter vivido este tipo de situacións.

Tamén foron as mulleres quen máis afirmaban ter sufrido cousificación sexual (avaliacións sobre o seu corpo ou comentarios explícitos non desexados) e acoso por non conformarse coas normas tradicionais de xénero. Un 10 % das profesoras indicaban que foran criticadas por «non comportarse como unha muller de verdade», fronte a un 2,7 % dos profesores. Finalmente, un 24,7 % das profesoras e un 19,6 % dos profesores recoñecían ter vivido un ambiente hostil heterosexista no seu contorno profesional.

En conxunto, os resultados do estudo evidenciaban unha clara desigualdade nas percepcións e nas vivencias de violencia segundo o xénero, así como unha maior exposición das mulleres a condutas sexistas e situacións de acoso no ámbito universitario.

A enquisa ao **colectivo de PAS** (agora PTXAS) distribuíuse tamén nos tres campus da UVigo e foi contestada por **154 persoas** dun total de 252 cuestionarios enviados, o que representaba

unha taxa de resposta do 61,1 %. Das persoas participantes, un 68,8 % eran mulleres e un 31,2 % homes.

***En todos os grupos hai diferenzas entre mulleres e homes tanto na percepción de risco, como nas experiencias e na número de persoas que indican ter vivido situacións de acoso sexual ou acoso por razón de sexo.***

Detectouse un baixo nivel de sexismo ambivalente cara ás mulleres. Non obstante, como acontecía co estudantado e co PDI, os homes continuaban a mostrar niveis máis altos tanto de sexismo hostil como benevolente.

Ao redor do 22 % das traballadoras e do 15 % dos traballadores consideraban que as mulleres podían atoparse con bastante frecuencia en situacións de acoso sexual dentro da universidade. As mulleres percibían un risco maior para elas mesmas que os homes, que tiñan unha visión máis baixa deste problema.

Respecto ao acoso por razón de sexo, case o 24 % do persoal vía ás mulleres como o grupo máis vulnerable, despois do colectivo LGBTQI, e elas mesmas percibían un risco algo superior (26,6 %) aínda que por debaixo das persoas con identidades sexoxenéricas non normativas, como sucedía nos outros grupos da comunidade universitaria.

Porén, a maioría do PTXAS tiña unha percepción baixa sobre o risco de agresións sexuais, considerando que era moi pouco probable que tanto mulleres (96 %) como homes (98 %) sufrisen este tipo de violencia no seu ámbito laboral.

Traballadores e traballadoras **mostraron actitudes similares respecto ao acoso sexual**. Con todo, os homes estiveron máis de acordo con afirmacións como que interpretar certas condutas como acoso sexual pode ser levar o tema demasiado lonxe, e que a agresión sexual e o acoso sexual son dous conceptos claramente distintos.

**Nove persoas do PTXAS declarou ter sufrido acoso sexual** na universidade, a **maioría mulleres**. As traballadoras sinalaron como agresores a compañeiros do mesmo colectivo, profesores-investigadores e mesmo unha alumna. **No caso do acoso por razón de sexo, 4 traballadoras recoñeceron ser vítimas**, con agresores tanto no profesorado como entre compañeiros. Ademais, unha traballadora revelou ter sufrido unha agresión sexual por parte dun compañeiro.

**No acoso acoso por razón de sexo, un 10,6 % das traballadoras afirmaron sentirse ás veces tratadas de maneira diferente**, e un 5,7 % indicaron que isto sucedía en bastantes ocasións. Ademais, **un 12,5 % relatou sentirse menosprezada ou suxeita a actitudes paternalistas**, fronte a un 95,8 % dos traballadores que non experimentaron estas situacións.

En relación á atención sexual non desexada, **un 6,7 % das traballadoras recoñeceu que alguén tentou establecer unha relación sentimental a pesar de ser rexeitada**, mentres que os homes **afirmaron non ter vivido isto**. En canto a toques incómodos, un 10,6 % das mulleres sostiveron

que sufriron esta experiencia polo menos unha vez, e un 5,8 % que lles aconteceu en varias ocasións.

**O nivel de coacción sexual foi baixo: un 1,9 % das traballadoras** indicaron sentirse ameazadas de forma sutil con posibles represalias por non cooperar sexualmente polo menos unha vez, e un 1 % que isto sucedía con frecuencia. Os homes afirmaron non ter vivido estas situacións.

En canto á cousificación sexual, **as mulleres recoñeceron con máis frecuencia recibir valoracións sexuais sobre o seu corpo.**

No acoso por non conformidade cos roles de xénero, **un 3,8 % das mulleres e un 2,1 % dos homes afirmaron recibir críticas polo menos unha vez por non axustarse a estereotipos de xénero**, e un 5,8 % das mulleres e un 8,4 % dos homes indicaron que estas críticas sucederon en varias ocasións.

Finalmente, **un 16,7 % das mulleres e un 29,2 % dos homes recoñeceron vivir nun ambiente universitario hostil e heterosexista.**

Nos próximos meses, continuaremos avanzando nestas accións, para poder reforzar a liña de traballo da Unidade de Igualdade ante as violencias machistas, nomeadamente o acoso sexual e o acoso en razón de sexo. Se tes algunha consulta ou queres

## RECURSOS

---

**#Non+ViolenciaSexual *Online*** (GA e ES) [+Info](#)

**Quero ser investigadora 5.** (GA) [+Info](#)

**O sexo de nacemento non é sempre aleatorio — a idade da nai e a xenética poden influír.** (EN) [+Info](#)

**Prexuízos de xénero sintácticos e semánticos na linguaxe da televisión infantil: evidencias dun corpus de 98 programas de 1960 a 2018.** (EN) [+Info](#)

**«Só quería ser coma calquera outra...»:** Exploración cualitativa das perspectivas das mulleres sobre a mutilación/ablación xenital feminina e o seu posible abandono en Somalia. (EN) [+Info](#)

**A evolución das relacións de dominancia entre machos e femias nas sociedades de primates.** (EN) [+Info](#)

**O papel do xénero na configuración do efecto do voluntariado na participación electoral por primeira vez.** (EN) [+Info](#)

**«Basicamente estás espida»:** un estudo cualitativo sobre por que as nenas abandonan o deporte na adolescencia. (EN) [+Info](#)

Duelo e factores de estrés económico por sexo, xénero e educación. Asociacións con resultados relacionados coa enfermidade de Alzheimer. (EN) [+Info](#)

Probos indirectas de prácticas de aborto selectivas por sexo na proporción desequilibrada de sexos ao nacer nas poboacións migrantes australianas. (EN) [+Info](#)

Probos indirectas de prácticas de aborto selectivas por sexo na proporción desequilibrada de sexos ao nacer nas poboacións migrantes australianas. (EN) [+Info](#)

Informe Xuventude en España 2024. Entre a emerxencia e a resiliencia (ES) [+Info](#)

Radicalización dentro dunha rede de extremistas misóxinos: un estudo de caso dun foro *inœl*. (EN) [+Info](#)

Probos indirectas de prácticas de aborto selectivas por sexo na proporción desequilibrada de sexos ao nacer nas poboacións migrantes australianas. (EN) [+Info](#)

Influencias do sexo e da raza e etnia nas mortes por sobredose de opioides entre persoas veteranas con diagnóstico con trastorno por consumo de opioides entre 2016 e 2021. (EN) [+Info](#)

O medio é a mensaxe: como a información non clínica configura as decisións clínicas nos grandes modelos de linguaxe (LLM). (EN) [+Info](#)

Estudo transversal da asociación entre a actividade sexual regular e a función sexual e os síntomas relacionados coa síndrome xenitourinaria da menopausa. (EN) [+Info](#)

Un pracer propio: sobre a intersubxectividade das experiencias sexuais. (EN) [+Info](#)

Consentimento sexual entre a xente nova: entre ideais e práctica. (SE/SV e EN). [+Info](#)

O estudiantado de doutoramento enfróntase a un alto risco de acoso sexual: poden as universidades deter aos seus perpetradores? (EN) [+Info](#)

Unha revisión da intelixencia artificial como dispositivo médico para a análise de imaxes oftalmolóxicas en Europa, Australia e América. (EN) [+Info](#)

Interseccións entre o clima, a saúde e as desigualdades sociais. Experiencias de seca, fortes choivas e inundacións e vínculos coa saúde sexual e reprodutiva da mocidade refuxiada nun contexto humanitario en Uganda: coñecementos cualitativos. (EN) [+Info](#)

- Diferenzas de xénero na resistencia antimicrobiana global. (EN) [+Info](#)
- A paradoxa da igualdade de xénero de Simpson. (EN) [+Info](#)
- As grandes apostas do seguimento da menstruación. (EN) [+Info](#)
- Da sala de xuntas ao lugar de traballo: representación feminina nos consellos de administración e seguridade no lugar de traballo. (EN) [+Info](#)
- Cara a igualdade de xénero en educación: Diferentes estratexias para mellorar o rendemento subnacional dos países europeos a través da análise envolvente de datos. (EN) [+Info](#)
- A hipótese das dúas vías do dano *inca*: un modelo de actitudes e crenzas prexudiciais entre celibatos involuntarios. (EN) [+Info](#)
- Usos e valores oceánicos baseados no xénero: implicacións para a planificación espacial mariña. (EN) [+Info](#)
- CTEM, un lugar non apto para as mulleres? Evidencias e iniciativas transformadoras. (EN) [+Info](#)
- La familia correcta. Podcast internacional no que catro xornalistas de Hungría, Italia e España fan unha viaxe por Europa para entender a utilización dos corpos das mulleres na batalla cultural e política actual. [+Info](#)
- Altas Luces. Fotografía | Mirada | Xénero. Canle de Youtube do proxecto. (GA) [+Info](#)
- Cambio climático, inseguridade de recursos e saúde sexual e reprodutiva entre adolescentes en Kenia: unha investigación cualitativa multimétodo. (EN) [+Info](#)
- Masculinidades universitarias en tempos de interpelación feminista. (ES) [+Info](#)
- Xénero, tabaco e enfermidade de obstrución pulmonar crónica: análise da 2020 National Health Interview Survey. (EN) [+Info](#)
- Robots xenerizados e persuasión: a interacción do xénero do robot, o xénero da persoa consumidora e o seu poder nas recomendacións de menú. (EN) [+Info](#)
- Diferenzas no coidado durante o posparto persoas LGBTQ+ e non LGBTQ+. (EN) [+Info](#)
- Datos desagregados por sexo ao longo das traxectorias sanitarias xenerizadas: revisión e análise de datos mundiais sobre hipertensión, diabetes, VIH e SIDA. (EN) [+Info](#)
- Cambios na duración do ciclo menstrual despois da vacinación só contra a gripe ou xunto á covid-19. (EN) [+Info](#)

**O coñecemento e a comodidade predín o ensino sobre o sexismo no profesorado escolar.** (EN) [+Info](#)

**La casa grande.** (ES) [+Info](#)

Podcast de oito episodios que recolle a historia de catro mulleres en situación de violencia de xénero en diferentes momentos do seu proceso de recuperación.

**Uso problemático de Internet na adolescencia temperá: diferenzas de xénero e depresión nun modelo de curva con crecemento latente.** (EN) [+Info](#)

**Publicidade, xénero e cultura de consumo en Bangladesh.** (EN) [+Info](#)

**Espazos seguros para activistas feministas na rede: as estratexias de autocensura das feministas chinas na rede como resposta a misoxinia en liña e a censura do goberno.** (EN) [+Info](#)

**Análise da importancia e as diferenzas de xénero nos factores que inflúen nas condutas antisociais entre adolescentes.** (ES) [+Info](#)

**O rol do entorno institucional no comportamento das empresarias dixitais sauditas.** (EN) [+Info](#)

**Sexismo nos equipos: a exposición a comentarios sexistas aumenta a sincronía emocional pero elimina os seus beneficios para o rendemento do equipo.** (EN) [+Info](#)

**O papel das integrantes femininas da familia en relación coa imaxe corporal e o comportamento alimentario: unha comparación transnacional entre culturas occidentais e de Oriente Medio.** (EN) [+Info](#)

**De provedor a precario: como o declive económico dos homes novos alimenta a reacción antifeminista.** (EN) [+Info](#)

**Disparidades raciais e de xénero no tratamento da xaqueca.** (EN) [+Info](#)

**Intervencións de asesoramento condutual na atención primaria para apoiar a lactación materna.** (EN) [+Info](#)

**Diferenzas de xénero nas interaccións de síntomas entre uso problemático de teléfonos móbiles e a ansiedade social en adolescentes: Unha análise da rede.** (EN) [+Info](#)

**Monografías Feministas. Deporte | Instituto das Mulleres** (ES) [+Info](#)

**A pena da menopausa.** (EN) [+Info](#)

**Broders – Un lugar seguro para ti** Un espacio virtual seguro pensado para mozos, especialmente de 14 a 19 anos, onde poden falar sen medo ao xuízo sobre temas que lles preocupan (ES) [+Info](#)

**Comprender a influencia da misoxinia en liña nos centros educativos desde a perspectiva do profesorado.** (EN) [+Info](#)

**Homes de coidado** Unha publicación participativa sobre masculinidades coidadosas da Universidade de Vigo. (GA) [+Info](#)



**REVISTAS**

*Revista igUALdad.* Volume 27 (2025). (ES) [+Info](#)

*Social Politics.* Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)

*Sexualities.* Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)

*Gender, Technology and Development.* Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)

*Feminist & Psychology.* Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)

*Women & Therapy.* Volume 48 (2025). (EN) [+Info](#)

*Feminist Anthropology.* Volume 5 (2025). (EN) [+Info](#)

*Psychology & Sexuality.* Volume 16 (2025). (EN) [+Info](#)

*Feminist Economics.* Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)

*Feminist Legal Studies.* Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)

*Violence and Gender.* Volume 12 (2025). (EN) [+Info](#)

*Hypatia.* Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)

*Revista Estudos Feministas.* Volume 33 (2025). (PT) [+Info](#)

- 
- Gender & History*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender & Society*. Volume 39 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Sex Research*. Volume 62 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender in Management*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Women Quarterly*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender and Education*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of General Psychology*. Volume 152 (2025). (EN) [+Info](#)
- Men and Masculinities*. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Criminology*. Volume 20 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Men & Masculinities*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Equality, Diversity and Inclusion*. Volume 44 (2025). (EN) [+Info](#)
- Affilia - Feminist Inquiry in Social Work*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Theory*. Volume 26 (2025.) (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender Studies*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender Issues*. Volume 42 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender, Place, and Culture*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence Against Women*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Politics and Gender*. Volume 8 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Language and Sexuality*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Studies*. Volume 25 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women in Sport and Physical Activity Journal*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Women's Studies*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Aging*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Feminist Journal of Politics*. Volume 27 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Minorities in Science and Engineering*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Signs*. Volume 50 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Journal of Sexual Health*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
-

---

*Sexuality and Culture* Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)

*The Journal of Men's Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)

*Journal of Gender-Based Violence* Volume 9 (2025). (EN) [+Info](#)

*Women and Criminal Justice* Volume 35 (2025) (EN) [+Info](#)

*Women's Studies International Forum* Volumes 111 (2025). (EN) [+Info](#)

*Géneros*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)

*Women's History Review*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)

*Feminist Media Histories*. Volume 11 (2025). (EN) [+Info](#)

*Religion and Gender*. Volume 15 (2025). (EN) [+Info](#)

*Sexuality Research and Social Policy*. Volume 22 (2025). (EN) [+Info](#)

## NOVAS DO DUVI

---

A Unidade de Igualdade formará o alumnado da UVigo contra o acoso sexual e por razón de sexo. [+Info](#)

Unha publicación aborda a influencia das mulleres na estabilización do poder durante o alto imperio romano. [+Info](#)

100 voces para amosar o que significa ser muller nun mundo patriarcal. [+Info](#)

Investigadoras do campus crean dous vídeos para concienciar á mocidade sobre o acoso e o abuso sexual baseado en imaxes. [+Info](#)

O Premio ConBici distingue a Iria Vázquez e Sara Ortiz polo seu esforzo para rachar barreiras de xénero no uso da bicicleta. [+Info](#)

Cintecx celebra o Día Internacional da Muller na Enxeñaría reclamando solucións á fenda de xénero neste sector. [+Info](#)

27 preguntas para avaliar o acoso sexual e por razón de sexo na UVigo. [+Info](#)

As mulleres e as persoas de entre 65 e 75 anos son maioría no Programa Universitario de Maiores. [+Info](#)

A UVigo reforza o seu compromiso coa divulgación coa publicación da 5ª edición do catálogo *Quero ser investigadora*. [+Info](#)

Seis mulleres para visibilizar o talento feminino no sector aeroespacial. [+Info](#)

---

## NOVAS

---

Escolas infantís advirten que non financiar agosto xera desigualdade. (ES) [+Info](#)

O Goberno amplía en tres semanas o permiso de nacemento e coidado de menor e incrementao a 32 semanas para familias monoparentais. (ES) [+Info](#)

Dúas investigadoras de Países Baixos deseñan un novo espéculo vaxinal para facer menos traumáticas as revisións xinecolóxicas. (ES) [+Info](#)

Proxectos dirixidos por mulleres ou do rural, lideran as candidaturas a Pont Up Store. (ES) [+Info](#)

Feminismo e Torre Pacheco: cando sinalar que «todos os homes son violentos» é terreo fértil para a xenofobia. (ES) [+Info](#)

O catedrático da UB sinalado por varias mulleres publicou como propio un artigo sobre acoso sexual escrito por unha investigadora. (ES) [+Info](#)

«Unha muller nova, negra e cunha discapacidade visual pode aprobar unha oposición do grupo A da Xunta». (GA) [+Info](#)

Outra loita de embarazadas ourensás cinco anos despois da vitoria en Verín. (GA) [+Info](#)

Activistas polos dereitos dos homes. A influencia da *manosfera* sobre os mozos ten que ser compensada cun diálogo aberto onde sexa posible debater de todo. (ES) [+Info](#)

Detidas no tempo: en España, as mulleres seguen cobrando peores pensións que os homes. (ES) [+Info](#)

Angel City: o fútbol feminino que defende á comunidade. (ES) [+Info](#)

A selección galega prepara en Irlanda a súa quinta participación no Mundial de fútbol gaélico. (GA) [+Info](#)

Agora que dúas mulleres codirixen *Eliq*, quen foron as pioneiras no cine de animación de Disney? (ES) [+Info](#)

Andrea Nunes: escapar da norma. (GA) [+Info](#)

Frustran proxecto de atentado contra mulleres por parte dun mozo masculinista *incel*. (ES) [+Info](#)

Guía completa das 368 xogadoras. (EN) [+Info](#)

Máis alá das capotas: as traballadoras de Jane Austen consguen finalmente o seu lugar no foco de atención. (EN) [+Info](#)

A calor extrema afecta a todos, pero a eles máis que a elas. (ES) [+Info](#)

Seis mulleres sinalan a un catedrático da Universitat de Barcelona por pedirles masaxes e sexo mentres era o seu xefe. (ES) [+Info](#)

O número dous do Opus Dei, acusado formalmente de trata de mulleres en Arxentina. (ES) [+Info](#)

## DATOS

**Índice de Igualdade de Xénero 2024: Manter o impulso nun camiño fráxil.** [+Info](#)  
Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

**Informe Global de Fenda de Xénero 2024.** [+Info](#)

**Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España** [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

**Científicas en Cifras 2025.** A Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o novo informe o 6 de marzo na Fundación Francisco Giner de los Ríos (Institución Libre de Enseñanza). (ES) [+Info](#)

**Observatorio Igualdade Emprego** [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

**As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas** (EN) [+Info](#)

**Mapeo do teito de cristal das rexións europeas** [+Info](#)

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés.

**Recursos contra as violencias machistas da UVigo** (GA/EN) [+Info](#)

**Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo** En [Ourense](#) e [Vigo](#).

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**  
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20  
986 293 963

- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24  
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí  
900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vítima** (nas tres cidades) [Cita previa](#)

**Centros de crise 24h** Atención de mulleres vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia abertos as 24 horas os 365 días do ano. [+Info](#)

- Vigo: Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)
- Ourense: (PAC)-Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)

**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 [+Info](#)

**APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero.** Accesible a través do portal de descarga da aplicación. [+Info](#)

**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES)** [+Info](#)

**Guía de actuación fronte á violencia machista** [+Info](#)

**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** [+Info](#)

**Información do Estado sobre a violencia vicaria** [+Info](#)

**Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos** [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

**RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais** [+Info](#)

**Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero.** [Ano 2025](#)

**Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.** [Ano 2025](#)

**Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero.** [Ano 2025](#)

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)

**Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)